



PLAN DIXITAL

IES VILAR PONTE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Este plan dixital está redactado para o IES Vilar Ponte, do que a continuación se enumeran os datos máis relevantes:

- Dirección: Rúa Antonio Ledesma, Nº20, 27850 Viveiro, Lugo.
- Correo electrónico: ies.vilar.ponte@edu.xunta.es/
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilarponte>.
- Etapas educativas: Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- Nº de alumnado: 340 aproximadamente.
- Profesorado: o número de profesores do IES Vilar Ponte é de 45 persoas aproximadamente.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O IES Vilar Ponte ten o seu emprazamento na localidade de Viveiro. É o terceiro municipio mas poboado da provincia de Lugo. Posúe una extensión de 109 quilómetros cadrados e una densidade de poboación de 145 persoas por cada quilómetro cadrado, alcanzando un total de 16.238 habitantes

Viveiro é un municipio que posúe unha orientación económica predominantemente terciaria, o sector servizos emprega ao 60% da poboación ocupada, mentres que a industria e a construción ocupa ao 28% e o sector primario, fundamentalmente a pesca, ao 12%.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

O IES Vilar Ponte está adherido ó proxecto E-Dixgal para 1º e 2º da ESO.

No resto de etapas educativas as novas tecnoloxías están presentes a través da aula virtual do centro, moi utilizada desde o ano 2020.

O claustro móstrase reticente á implementación do proxecto E-Dixgal en 3º e 4º da ESO por diversos motivos relacionados coa calidade dos materiais presentes na plataforma, porén móstrase altamente motivado para utilizar a aula virtual (entorna Moodle) e outros sistemas dixitais como complemento dixital á ensinanza.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Este Plan Dixital incorporárase á PXA do IES Vilar Ponte para o curso 22/23.

O aspecto máis relevante de contribución deste Plan Dixital á PXA será a petición do programa Polos Creativos no que se verán implicados varios departamentos e constituirá un primeiro intento de converter en proxecto interdisciplinar numerosas actividades que xa se realizaban de xeito illado dentro da PXA e das programacións dos diferentes departamentos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital xorde como aplicación da *Resolución de 3 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia, curso 2021-2022*, e redáctase tendo en conta, ademais da mencionada Resolución, a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*
- *Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos Creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería. (Consellería de Cultura, Educación e Universidade)*

1.4. Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións do CFR de Burerla e en coherencia coa *Resolución do 3 de setembro de 2021*, durante o primeiro trimestre de 2021 estableceuse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital composto nun principio por 29 profesoras e profesores do claustro e con M^a Milagros Louzán García como coordinadora do mesmo.

Este grupo de traballo realizou 10 sesións de traballo de 2 horas de duración cada unha delas.

Durante estas sesións realizáronse as dúas enquisas ordenadas pola Consellería (SELFIE e CDD). A realización destas enquisas e a súa baixa calidade e adecuación á situación real do noso centro educativo fixo que o grupo de traballo quedase reducido a 15 persoas. Estas enquisas percibíronse no centro educativo de xeito pouco satisfactorio (sobre todo a enquisa CDD), considerouse que era un trámite burocrático innecesario e farragoso.

Para a enquisa SELFIE enviáronse os enlaces correspondentes a cada membro do claustro por correo corporativo. Para a realización desta enquisa por parte do alumnado do centro, creáronse dous cursos virtuais

(un E-dixgal e outro na aula virtual do centro) onde aparecían os enlaces correspondentes. O alumnado realizou a enquisa en horario lectivo acompañado por diferentes membros do grupo de traballo.

Para a análise dos resultados desta enquisa, o equipo ADIX Burela forneceunos dunha táboa de cálculo na que, en función das notas alcanzadas en cada apartado do SELFIE, se establecían as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do centro en cada unha das cuestións analizadas. O establecemento nas notas de corte para considerar un tema debilidade ou fortaleza e ameaza ou oportunidade foi tema de debate xa que as notas do centro eran considerablemente superiores ó esperado. Considerouse que os membros dunha comunidade educativa ante unha enquisa externa non queren “suspender” á súa propia comunidade. Por este motivo tivéronse que modificar as “notas de aprobado” quedando estas do seguinte xeito:

- Equipo directivo: nota de aprobado = 3
- Profesorado: nota de aprobado = 3,5
- Alumnado: nota de aprobado 3,5

Con respecto á enquisa CDD, só foi cuberta por 15 profesoras e profesores. Isto foi debido ó plantexamento da enquisa co que a maioría do profesorado non está de acordo. Non consideramos oportuno a clasificación da competencia dixital do profesorado en función das preguntas plantexadas. Entendemos os ítems do marco DigCompEdu pero cremos que falta concreción destes ítems nas preguntas da enquisa.

Neste punto, o equipo ADIX Burela, deu indicacións para que se redactase o DAFO a partir da información do SELFIE, coas modificacións das notas de aprobado xa enunciadas. O ADIX Burela tamén proporcionou unha ferramenta Board para implementar nun curso da aula virtual para axudar á redacción do DAFO. Así se fixo e, a partir das aportacións dos membros do grupo de traballo a este Board, redactáronse os contidos do DAFO.

Despois da redacción deste DAFO, debíamos afrontar a redacción do Plan de Acción. De novo transmitíronse instrucións por parte do ADIX Burela que non encaixaban coa realidade do noso centro educativo.

Como non críamos que a información das enquisas SELFIE e CDD reflexaban a realidade educativa do noso centro, acordamos facer entrevistas individuais nas que se preguntase a cada membro do claustro polas súas competencias e polos seus intereses na mellora da súa competencia dixital.

Estas enquisas partiron da premisa de que os obxectivos a redactar no Plan de Acción debían ser realistas e adaptados á realidade do centro. Ademais, das sesións de traballo obtivemos unha certeza: moitas profesoras e profesores traballaban con diversos medios dixitais que outras compañeiras e compañeiros vían interesantes. Polo tanto plantexamos establecer unha rede de colaboración entre o profesorado para a transmisión de coñecemento.

Como pode verse, este plantexamento está en consonancia coa Área 1: compromiso profesional (colaboración profesional, práctica reflexiva) do marco DigCompEdu.

A partir deste plantexamento redactouse o Plan de Acción.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O IES Vilar Ponte conta con rede sen fíos nos dous edificios que o compoñen. Ten unha boa conexións sen máis problemas que os habituais.
- Equipamento dispoñible:
 - Aulas dixitalizadas: todas as aulas dos grupos de referencia contan con ordenador, proxector e pantalla dixital, o resto das aulas nas que se da clase conta con ordenador e proxector.
 - Proxecto E-Dixgal: implantado en 1º e 2º da ESO.
 - Equipos de xestión e administración: catro ordenadores para xestión e dous ordenadores para administración.
 - Uso na biblioteca: ordenador para a xestión da biblioteca.
 - Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: as dúas salas de profesores teñen 3 ordenadores e nos departamentos non existen ordenadores.
 - Equipos ultraportátiles para aula móbil: 6 tablets.
 - Aulas de informática: dúas aulas de informática equipadas con 14 e 22 ordenadores respectivamente
 - Dotacións para proxectos específicos: non se realizan proxectos específicos.
- Servizos dixitais educativos:
 - servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente: páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil
- Xestión do mantemento do equipamento do centro:
 - María del Monte Álvarez Alonso.
 - M^a Carmen López García.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: non existen.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A - Liderado	Equipo Direct.	3,3	3,2
	Profesorado	2,8	2,7
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7	2,7
	Profesorado	2,3	2,4
	Alumnado	2,9	2,0
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8	3,6
	Profesorado	3,3	3,0
	Alumnado	3,5	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,1	3,3
	Profesorado	2,9	2,9
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6	3,6
	Profesorado	3,8	3,9
	Alumnado	3,9	3,4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,0	3,1
	Profesorado	2,9	3,0
	Alumnado	3,2	2,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9	2,7

	Profesorado	2,6	2,4
	Alumnado	2,8	2,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,0
	Profesorado	2,8	2,8
	Alumnado	3,3	2,5

Test CDD:

Táboa 1.3 do CDD. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	33	30,3%
INTERINO	2	5	40%
OUTROS	0	1	0%
PROVISIONAL	3	6	50%
SUBSTITUTO	0	2	0%

Táboa 2.1 do CDD. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Táboa 2.2. do CDD. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	64,3	Explorador/a (A2)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	66	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

Táboa 2.3. do CDD. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	13,3%
A2	7	46,7%
B1	3	20%
B2	2	13,3%
C1	1	6,7%
TOTAL	15	100%

Outras fontes:

Información obtida das reunións do grupo de traballo.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Conexión a internet estable. - Equipos en bo estado e con bo mantemento. - Solución rápida dos problemas existentes. - Pantallas dixitais en case todas as aulas. - Equipos E-dixgal e 1º e 2º da ESO. 	<ul style="list-style-type: none"> - Para os cursos que non están adheridos ó proxecto E-Dixgal, existen Poucos dispositivos para levar ás aulas. - Falta de conexión libre para que os alumnos e alumnas se conecten cos seus propios dispositivos. - As mesas son moi pequenas para utilizar un dispositivo electrónico, un libro de texto e unha libreta ó mesmo tempo.
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Número elevado de persoal docente que se forma no seu tempo libre e que implementa nas aulas os coñecementos adquiridos á marxe do sistema de formación da administración. - Cóntase con coordinadores que poñen en marcha cada ano un PPPF. - Busca recursos educativos en liña con frecuencia e eficacia. Crea recursos educativos dixitais para as súas clases. - Emprega entornas virtuais de aprendizaxe. - As persoas coordinadoras TIC resolven os problemas rápida e eficazmente. 	<ul style="list-style-type: none"> - A mala experiencia coas editoriais do proxecto E-dixgal en 1º e 2º da ESO, fan que existan moitas opinións desfavorables a este proxecto e estea en perigo. - Falta de tempo para explorar novas formas de aprendizaxe dixital. - Medo á perda de tempo na aula cando hai algún fallo no equipamento TIC. - Crenza de que os rapaces se concentran máis con un libro físico e que o seu rendemento académico é mellor con dito libro. - Falta de criterio homoxéneo e ben definido con respecto ó uso de dispositivos electrónicos pertencentes ó alumnado na aula. - Non existe unha reflexión colectiva sobre a formación que se necesita. - O profesorado non dispón de tempos ou coñecementos para facer a avaliación dixital coa retroalimentación axeitada.. - Falta de traballo cooperativo integrado por parte das equipas de profesorado.
	PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Ocúpase da orde e limpeza de todos os medios TIC. 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvólvese con soltura en entornas virtuais de aprendizaxe. - O alumnado de bacharelato mostra un alto interese polos recursos colgados na aula virtual do centro polas diferentes profesoras e profesores. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aproveitamento case nulo da retroalimentación das actividades realizadas en entornas virtuais de aprendizaxe. - Alta capacidade de distracción cando traballa con dispositivos electrónicos en cursos baixos.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - A comunicación coas familias prodúcese maioritariamente pola plataforma Abalar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non existen espazos para a posta en común de dificultades cos entornas virtuais, polo que non hai posibilidade de mellora a partir do erro.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<ul style="list-style-type: none"> - Non existe unha estratexia dixital común definida para todo o centro, liderada, levada a cabo, avaliada e revisada continuamente por unha persoa ou equipo de persoas. - Ó non existir estratexia dixital, non existen mecanismos de revisión da mesma e non existen espazos nos que poñer en común prácticas dixitais, compartir coñecemento e avaliar os resultados. - Ningún membro do claustro ten tempo para acometer a tarefa de liderazgo dun proxecto dixital común.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ul style="list-style-type: none"> - A falta de tempo e o excesivo currículo provoca dificultades para xerar materiais adaptados á diversidade da aula, motivadores para o alumnado e proxectos de colaboración entre o alumnado e interdisciplinares. - A formación impartida pola consellería é xenérica e descontextualizada, polo que, en ocasións, resulta desmotivadora. - O proxecto E-dixgal, que podería mellorar as carencias do centro, reduce as axudas a libros de texto e impide ós departamentos adheridos utilizar un libro de papel. Isto condiciona a non adherencia ó proxecto de numerosos departamentos.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> - Os currículos excesivos non deixan tempo para desenvolver a competencia dixital do alumnado (perigos da rede, dereitos de autor, búsqueda de información fiable,...) - Existen aplicacións de uso común que non respectan a lei de protección de datos española. Falta formación específica neste senso xa que a lei é moi restrictiva.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Viveiro conta con unha biblioteca pública onde os nenos poden acudir para conectar os seus dispositivos, consultar libros e traballar en equipo. - Gran número de alumnos y alumnas con acceso a dispositivos dixitais propios. - Numerosos membros do claustro teñen dispositivos propios cos que realizan o seu traballo, pagan as licenzas de uso dos programas que empregan, liberando á administración da carga económica de pagalos. 	
	ANPA		<ul style="list-style-type: none"> - Non temos unha ANPA que faga escola de pais para fomentar unha educación dixital que permita que nas casas se exerza un mellor control sobre o tempo e uso que fan os seus fillos coas TIC.
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Este plan de acción está redactado durante o mes de maio do curso 2021/2022 e será de aplicación durante o curso 2022/2023; por isto se partiu, para a súa redacción, do seguinte precepto:

Non se tivo en conta, para a seu deseño e aplicación, o profesorado que non estará para o curso 2022/2023 no IES Vilar Ponte, ben pola súa condición de interinidade así como pola súa data de xubilación próxima.

Ademais, durante o curso 2022/2023 o IES Vilar Ponte contará co proxecto E-Dixgal en 1º e 2º da ESO pero non en cursos superiores. Isto é debido a que o claustro rexeitou a ampliación deste proxecto na súa inmensa maioría. Actualmente unha ampla maioría do profesorado (case o 95%) utiliza a Aula Virtual do centro para colgar documentación auxiliar das súas materias e unha maioría (case o 70%) propón a entrega de actividades ou a realización de probas nesta plataforma por parte do alumnado.

Por outra banda, o centro está interesado e vai solicitar o programa Polos Creativos, por iso se establece como obxectivo a conseguir aínda que durante a redacción deste Plan de Acción non se coñece o resultado de tal intención.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Secuencia seguida para a elaboración do Plan de Acción:

Despois da realización das enquisas SELFIE e CDD e da reflexión colectiva para a redacción da análise DAFO, constatouse a necesidade da recolección de información máis detallada sobre o estado real da nosa institución. Para isto, realizáronse entrevistas individuais entre a coordinadora do Plan Dixital e cada profesor/a do IES Vilar Ponte que continuará no mesmo durante o curso 2022/2023.

As conclusións máis relevantes desta investigación foron:

- O profesorado do IES Vilar Ponte conta con alto interese por mellorar a súa experiencia en entornas virtuais de aprendizaxe, e hai un número relevante de profesorado que ten alta competencia dixital (non detectada no SELFIE nin no CDD debido á baixa adaptación destas enquisas á situación real dos centros educativos)
- A cooperación entre o profesorado é moi baixa, aínda que todas as persoas entrevistadas mostran alta dispoñibilidade para axudar ás súas compañeiras e compañeiros.
- Os medios materiais e dixitais cos que conta o centro adáptanse de xeito satisfactorio ás demandas actuais do claustro.
- Hai un alto interese en solicitar e obter o programa Polos Creativos entre os departamentos de Lingua e Literatura Castelá, Francés, Música, Artes Plásticas e Tecnoloxía.

Por todo o exposto, durante as entrevistas persoais determináronse as seguintes variables:

- Elementos de mellora personalizados para cada membro do claustro interesado en mellorar a súa competencia dixital (en adiante profesorado interesado).
- Profesorado altamente competente nos elementos de mellora establecidos para o resto dos seus compañeiros e compañeiras e disposto a axudar no proceso de mellora continua (en adiante profesorado axudante).

- Profesorado interesado no desenvolvemento do programa Polos Creativos.

As áreas de mellora do marco DigCompOrg nas que nos centraremos serán as seguintes:

- Área D: desenvolvemento profesional continuo:
 - D2: acceso a posibilidades de DPC no relativo á ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
 - D3: intercambio de experiencias en entornos Moodle.
 - Desenvolvemento profesional a través da colaboración.
- Área E: pedagogía: apoios e recursos.
 - E2: creación de recursos dixitais para reforzar o método de ensinanza.
 - E3: utilización de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.
- Área F: pedagogía: implementación na aula.
 - F2: utilización de tecnoloxías dixitais que fomenten a creatividade do alumnado.
 - F3: realización de actividades dixitais que motiven ó alumnado.
 - F5: fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.
- Área G: prácticas de avaliación.
 - G2: utilización de tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ó alumnado.
 - G8 OP: documentación da aprendizaxe.
- Área H: competencias dixitais do alumnado.
 - H8: creación por parte do alumnado de contidos dixitais.

A continuación establécese un breve listado dos obxectivos principais perseguidos:

- Establecemento de relacións entre as profesoras e profesores do centro para que aquelas persoas altamente competentes nunha materia axuden ás persoas que desexan aprender da mesma.

MATERIA	PROFESORADO INTERESADO	PROFESORADO AXUDANTE
Libro de cualificacións	<ul style="list-style-type: none"> • Marta Luisa Fraguela Fernández. • M^a Carmen Pacio Fraiz. • Alberto Pernas Pena. • M^a Jesús Polo Pigueiras. • M^a Rodríguez Sixto. 	<ul style="list-style-type: none"> • M^a del Monte Álvarez Alonso. • Libertad Fraga Grueiro. • M^a Carmen López García.
Mensaxería Aula Virtual	<ul style="list-style-type: none"> • M^a Asunción Carreiras Balsa 	<ul style="list-style-type: none"> • Juan Vicente Piñón Rodríguez
Creación de enquisas na Aula Virtual	<ul style="list-style-type: none"> • María Lamas Pérez 	<ul style="list-style-type: none"> • M^a del Monte Álvarez Alonso. • M^a Carmen López García.
Realización de probas auto avaliáveis en entornos Moodle	<ul style="list-style-type: none"> • Gema Sanjurjo Rodríguez • María Lamas Pérez 	<ul style="list-style-type: none"> • M^a del Monte Álvarez Alonso.
Dinamización de foros en A.V.	<ul style="list-style-type: none"> • M^a Jesús Polo Pigueiras • María Porbén Riveira 	<ul style="list-style-type: none"> • M^a del Monte Álvarez Alonso. • Libertad Fraga Grueiro. • M^a Carmen López García.
Gravación, edición e publicación de vídeos	<ul style="list-style-type: none"> • Noelia Fernández Martínez. • Víctor Javier Illán Álvarez. 	<ul style="list-style-type: none"> • M^a Carmen Pacio Fraiz. • Libertad Fraga Grueiro.

	• Verónica López Prieto.	• M ^a Carmen López García.
--	--------------------------	---------------------------------------

- Creación do curso na aula virtual do curso **“Formación do profesorado”** para:
 - Colgar materiais que axuden o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado naquelas materias que lles sexan de interese:
 - Emprego do libro de cualificacións.
 - Utilización de mensaxería da aula virtual.
 - Creación de enquisas na aula virtual.
 - Realización de probas auto avaliadas en entornos Moodle.
 - Dinamización de Foros na aula virtual.
 - Gravación, edición e publicación de vídeos.
 - Crear un foro no que o profesorado expoña as áreas de mellora que lle interesan.
- Execución do proxecto “Algo máis que teatro” do programa Polos Creativos
- Coordinación entre o profesorado para a difusión en RRSS dos contidos creados no centro.
- Compartimento dos materiais dixitais creados polas diferentes profesoras e profesores cos seus respectivos departamentos.

Nas táboas adxuntas pode verse a concreción destes obxectivos principais en obxectivos específicos, así como os elementos de cada un destes obxectivos específicos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

EQUIPAMENTO:

- Aulas dixitalizadas:
 - Resolución de incidencias pendentes en 2 kits dixitais.
 - 1 impresora A-4 toner para a aula de robótica (para poder imprimir planos de proxectos antes de envialos á impresora 3D)
- Proxecto educación dixital E-Dixgal
 - 6 pares de altofalantes para as aulas adheridas ó proxecto E-Dixgal xa que o son actual é insuficiente para que todo o alumnado escoite as proxeccións postas polo profesorado.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro:
 - 2 ordenadores para cada unha das conserxerías xa que os actuais están obsoletos e presentan deficiencias para imprimir e escanear.

"Áreas de mellora": DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 1:	Crear redes de colaboración entre o profesorado do centro *(D2; D3, Dcol)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación dun curso na aula virtual do centro no que existan recursos de formación para o profesorado.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	Creación de 1 curso con a lo menos 5 temas e 1 recurso por tema.			30/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear, na AV do centro, o curso de acceso libre "Formación do profesorado" e matricular no mesmo ó profesorado implicado neste Plan de Acción.	<ul style="list-style-type: none"> Responsable del Aula Virtual: María del Monte Álvarez. 	15/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear, dentro do curso do AO1.1, os temas reflexados nos obxectivos do Plan de Acción.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación dun foro no que o profesorado solicite formación noutros temas do seu interese.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Dar difusión entre o profesorado da existencia deste curso no primeiro claustro do curso.	<ul style="list-style-type: none"> Dirección 	15/09/2022				

*(D2: acceso a DPC en tecnoloxías dixitais; D3: intercambio de experiencias, Dcol: desenvolvemento a través da colaboración)

"Áreas de mellora": PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN (G)						
OBXECTIVO 2:	Empregar os libros de cualificacións nas entornas Moodle. *(G2,G8 OP)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de profesoras e profesores que empregan o libro de cualificacións na aula virtual ou en E-Dixgal nalgún dos seus cursos.					
Valor de partida	7					
Valor previsto e data	10			22/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Reunión inicial para poñer en común a relación de profesorado interesado en aprender sobre o libro de cualificacións e profesorado axudante.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Buscar materiais dixitais sobre o funcionamento do libro de cualificacións e cargalos no tema creado para tal efecto.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado axudante. 	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Visualización dos materiais colgados na AV, plantexamento e resolución de dúbidas, posta en práctica do aprendido nun curso real.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. Profesorado axudante. 	22/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*(G2: utilización de tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ó alumando, G8 OP: documentación da aprendizaxe)

"Áreas de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 3:	Mellora no emprego de entornos virtuais de aprendizaxe por parte do profesorado (*D2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de profesoras e profesores que melloraron os seus coñecementos sobre o manexo da aula virtual.					
Valor de partida	Existen 3 profesoras que queren aprender sobre a aula virtual: manexar a mensaxería, crear enquisas, realización de probas autoavaliabes.					
Valor previsto e data	Enviar 5 mensaxes ó alumnado, ou crear 1 enquisa para 1 grupo, ou crear 2 probas autoavaliabes			22/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Reunión inicial para poñer en común ó profesorado interesado e o profesorado axudante.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Buscar materiais dixitais sobre o funcionamento de mensaxería, creación de enquisas e probas autoavaliabes e cargalos no tema creado para tal efecto.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado axudante. 	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Visualización dos materiais colgados na AV, posta en práctica do aprendido nun curso real, plantexamento e resolución de dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. Profesorado axudante. 	22/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*D2: acceso a posibilidades de DPC no relativo á ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais)

"Áreas de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
OBXECTIVO 4:	Mellorar a interacción entre o alumnado para a mellora da súa aprendizaxe *(F2, F3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de foros dinamizados na aula virtual do centro.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	4	30/05/2023				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Reunión inicial para poñer en común ó profesorado interesado e o profesorado axudante.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Colgar materiais dixitais sobre a avaliación da intervención en foros, visualización dos materiais colgados na AV, posta en práctica do aprendido, plantexamento e resolución de dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. Profesorado axudante. 	10/01/2023	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: plantexamento dun foro de participación obrigatoria do alumnado e avaliación do mesmo.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. 	28/02/2023	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: reunión do profesorado interesado para poñer en común os resultados obtidos e propoñer elementos de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. 	30/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.5: plantexamento dun foro de participación obrigatoria do alumnado propoñendo as melloras establecidas no AO4.4	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado interesado. 	30/05/2023	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*(F2: utilización de tecnoloxías dixitais que fomenten a creatividade do alumnado, F3: realización de actividades dixitais que motiven ó alumnado)

"Áreas de mellora": PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 5:	Creación, e difusión en entornas Moodle, de vídeos realizados por profesores e profesoras *(E2, E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de profesoras e profesores que colgan vídeos de elaboración propia na aula virtual do centro.					
Valor de partida	3					
Valor previsto e data	4				30/05/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Reunión inicial para poñer en común ó profesorado interesado e o profesorado axudante.	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Colgar materiais dixitais sobre as diferentes formas de gravar vídeos explicativos(screen-o-cast, gravadora de pantalla,...)	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interesado. • Profesorado axudante. 	10/01/2023	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Virtual do Centro. • Conexión a internet. • Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: visualización dos materiais colgados na AV, creación dun vídeo relacionado coa materia impartida e difusión por medio a AV, plantexamento e resolución de dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interesado. • Profesorado axudante. 	30/05/2023	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Virtual do Centro. • Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*(E2: creación de recursos dixitais para reforzar o método de ensinanza, E3:utilización de entornas virtuais de aprendizaxe)

“Áreas de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECUROS (E)						
OBXECTIVO 6:	Mellorar a comunicación dixital do Departamento de Orientación (E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefa do Departamento de Orientación: Marta María Rodríguez Rodríguez.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación do curso “Orientación” na aula virtual do centro.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	1			30/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Creación dun curso na aula virtual do centro chamado “Orientación” de acceso libre	<ul style="list-style-type: none"> Responsable del Aula Virtual: María del Monte Álvarez. 	15/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Creación de temáticas dentro do curso “Orientación”, creación dun foro de dúbidas e un foro de anuncios e matriculación no curso do profesorado – titor, así como a subscrición obrigatoria deste profesorado ó foro de anuncios.	<ul style="list-style-type: none"> Xefa do departamento de orientación: Marta M^a Rodríguez Rodríguez Responsable del Aula Virtual: María del Monte Álvarez 	30/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Difusión entre o profesorado-titor da existencia do curso “Orientación”	<ul style="list-style-type: none"> Xefa do departamento de orientación: Marta M^a Rodríguez Rodríguez 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Difusión entre alumnado da existencia do curso “Orientación” e motivación á participación no foro de dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado - titor 	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

(E3: utilización de contornas virtuais de aprendizaxe)

"Áreas de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 7:	Mellorar a comunicación dixital do alumnado en RRSS *(H6,H7,H8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable da biblioteca: Irma Ínsua Grandío.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de departamentos que publican en RRSS o seu traballo.					
Valor de partida	1					
Valor previsto e data	3				15/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Reunión inicial para poñer en común ó profesorado interesado en compartir o seu traballo en RRSS; compartir estratexias e definir prioridades en canto ó tipo de publicacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador/a do Plan Dixital. • Departamentos interesados: <ul style="list-style-type: none"> ○ Artes Plásticas. ○ Língua e Literarura Castelá. ○ Língua e Literatura Galega. ○ Música. ○ Educación Física. ○ Tecnoloxía. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Dar difusión entre a comunidade educativa do centro da existencia de RRSS e incentivar ó alumnado a construír esas RRSS, así como invitar ó profesorado e ás familias ó seu seguimento (mensaxe por Abalar).	<ul style="list-style-type: none"> • Responsable de biblioteca: Irma Ínsua Grandío. • Departamentos interesados. • Profesorado titor. 	22/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> • Espazo Abalar. • Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: publicación en RRSS durante o curso académico dos materiais e actividades realizadas polo alumnado do centro.	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado dos departamentos interesados (ver AO6.1) 	15/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Virtual do Centro. • Conexión a internet. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

**(H6: aprender a dar crédito ó traballo doutras persoas que atopou en internet, H7: creación por parte do alumnado de contidos dixitais, H8: o alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais)*

"Áreas de mellora": PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 8:	Creación de repositorios de recursos educativos dixitais.(E2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefes de Departamento				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de departamentos que comparten entre os seus membros materiais dixitais.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	3			15/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Crear cursos na aula virtual do centro para compartir material entre os membros dun departamento. Estes cursos serán "Xeografía e Historia", "Lengua e Literatura Castelá", "Ciencias Naturais"	<ul style="list-style-type: none"> Responsable da AV: M^a del Monte Álvarez Alonso. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Subir ó curso "Lengua e Literatura Castelá" o arquivo: "Sintaxis".	<ul style="list-style-type: none"> Xefe/a de departamento de LeL Castelá. 	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Propoñer na primeira reunión de departamento que cada membro do mesmo suba ó curso "Xeografía e Historia" un documento referenciando temática e curso.	<ul style="list-style-type: none"> Xefe/a de departamento de Xeografía e Historia 	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.4: Facer copia de seguridade dos recursos educativos dixitais de Vicente Fernández Fernández antes da súa xubilación e aloxar esta copia no curso "Ciencias Naturais" clasificados por materia e curso.	<ul style="list-style-type: none"> Soledad Sanfíz Pérez Marta Luísa Fraguela Fernández 	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula Virtual do Centro. Conexión a internet. Materiais dixitais. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(E2*: creación de recursos dixitais para reforzar a ensinanza)

"Áreas de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
OBXECTIVO 9:	Crear un proxecto interdisciplinar *(F5,F6)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Execución do programa "Algo máis que teatro" enmarcado no programa "Polos Creativos"					
Valor de partida	Non existe ningún proxecto interdisciplinar no centro.					
Valor previsto e data	Creouse o proxecto e executouse coa participación de 3 departamentos.			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Proponer unha reunión inicial para poñer en común a relación de profesorado interesado na execución do proxecto interdisciplinar.	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador/a do Plan Dixital. 	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Escoller obras, datas e cursos para as representacións teatrais.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado de: <ul style="list-style-type: none"> LeL Castelá Francés. 	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Escoller a música, decorados e vestuario apropiados para cada obra.	<ul style="list-style-type: none"> Departamentos de Música e Artes Plásticas. 	30/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.4: Practicar co alumnado correspondente a interpretación da obra e da música e executar vestuarios e/ou decorados.	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado implicado. 	15/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> Espazo habilitado no programa Polos Creativos 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.5: Gravación e edición da obra completa.	<ul style="list-style-type: none"> Departamento de tecnoloxía. 	15/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> Cámaras, iluminación, micrófonos do programa Polos Creativos. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**(F5: utilizar as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado, F6: fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais)*

4. Avaliación do plan

A avaliación deste plan farase en función do plan de acción, enchendo as táboas redactadas nos apartados oportunos.

Esta avaliación farase en dous niveis:

- **Avaliación procesual:** terá lugar ó finalizar cada trimestre. Os aspectos a valorar serán os seguintes:
 - estado da execución das accións,
 - análise e valoración dos resultados
 - posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** realizarase durante o mes de xuño de 2023. Os aspectos a analizar serán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Ademais de ser aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar no mes de xuño de 2022, este plan darase a coñecer na primeira reunión do Claustro do curso 2022/2023. Ademais colgarse na aula virtual do IES Vilar Ponte para a súa difusión entre a comunidade educativa. Durante o claustro de fin de curso do ano 2023, difundirase a avaliación deste plan dixital.